

**ACORDO ENTRE A SOCIEDADE PORTUGUESA DE ESTATÍSTICA (SPE)
E A SOCIEDADE GALEGA PARA A PROMOCIÓN DA ESTATÍSTICA E DA
INVESTIGACIÓN DE OPERACIÓNS (SGAPEIO)**

REUNIDOS

Dunha parte D^a Maria Eduarda Silva, Presidenta da Sociedade Portuguesa de Estatística (en adiante SPE), con domicilio institucional en Bloco C6, Piso 4 Campo Grande 1749-016 LISBOA

E da outra D. César A. Sánchez Sello, Presidente da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (en adiante SGAPEIO), con domicilio institucional no Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización, sito na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela, Campus Vida, 15782 Santiago de Compostela.

Ambos os dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das respectivas entidades o presente acordo e, a tal efecto,

MANIFESTAN

Que o obxectivo do presente Acordo é potenciar as relacións entre ambas Sociedades, proporcionando aos seus socios mellores condicións e máis oportunidades para contribuír á promoción e á divulgación da Estatística e da Investigación Operativa. Para isto, as dúas partes firman o presente Acordo de Reciprocidade conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A SGAPEIO recoñece a tódolos socios individuais da SPE, ao corrente do pago das súas cotas, o dereito a asistir a todas as actividades que organice a SGAPEIO en calidade de socios.

SEGUNDA.- A SPE recoñece a tódolos socios individuais da SGAPEIO, ao corrente do pago das súas cotas, o dereito a asistir a todas as actividades que organice a SPE en calidade de socios.


TERCEIRA.- A SPE e a SGAPEIO comprométense a :

- Intercambiar as súas publicacións periódicas.


- Cursarse invitacións para actividades relevantes organizadas por cada unha das dúas Sociedades.
- Manter contactos periódicos co obxecto de estudar a situación sobre o ensino, a investigación en estatística e investigación operativa, a transferencia á industria e a divulgación.

CUARTA- O presente acordo perderá a súa validez por incumprimento dos obxectivos do mesmo ou por desexo dunha das partes, sempre que sexa decidido polos seus órganos de goberno e sexa comunicado coa suficiente antelación.

O presente acordo fírmase simultaneamente polos Presidentes de ámbalas sociedades o día 12 de marzo de 2019.



Maria Eduarda Silva
Presidente SPE



César Andrés Sánchez Sellero
Presidente SGAPEIO